

O IES CASTELAO GAÑA O CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2023

O proxecto *Camiñando con Ramón Sanfiz coñecemos a Francisco Fernández del Riego*, elaborado e presentado polo noso centro para participar no Concurso-Exposición Letras Galegas 2023 sobre



a obra, a época e a lingua de Francisco Fernández del Riego –a quen se lle dedica este ano a celebración das Letras Galegas– foi premiado pola Secretaria Xeral de Política Lingüística na categoría destinada a ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.

O proxecto consta de dez carteis e unha guía didáctica e foi elaborado por un equipo formado por alumnado de 4º de ESO, da materia de Debuxo, e profesorado dos departamentos de Plástica (Chus Ferrín, Dani Pouso e Carme Nogueira) e Lingua Galega (Cándido Paniagua, Ramón Nicolás e Agustín Nieto) coa colaboración do EDLG.

A idea de estruturar o proxecto arredor dun percorrido por diferentes

lugares de Galicia guiado polo *alter ego* de don Paco, Ramón Sanfiz, resultou particularmente afortunada e o traballo realizado polo alumnado para plasmar en carteis as ideas suxeridas foi, sen dúbida, do máis brillante e meritorio.

A experiencia resultou moi enriquecedora e plenamente satisfactoria, mesmo se o resultado do concurso fose outro ao final. Nalgún momento case se volve un verdadeiro *tour de force*, pero deuse sacado adiante mercé ao entusiasmo que sempre serviu de liga entre todo o grupo.

A obra será impresa e distribuída polos centros de ensino e bibliotecas de Galicia e tamén se poderá descargar libre e gratuitamente desde o Portal da Lingua Galega.

Parabéns a toda a comunidade educativa do IES Castelao (O Calvario) de Vigo e, en particular, ás persoas que dun xeito ou outro participaron e/ou colaboraron na elaboración do proxecto galardoado.

Saúde e Terra!!!